



# C.E.I.P. Plurilingüe A FRAGA

GUÍA DO CURSO 2016-2017



ISO 9001:2008

## SUMARIO

|  |           |
|--|-----------|
| <b>SAÚDE</b>                                 | <b>3</b>  |
| <b>OBXECTIVOS DO COLEXIO</b>                 | <b>4</b>  |
| <b>ÓRGANOS DE GOBERNO</b>                    | <b>5</b>  |
| <b>OS DOCUMENTO DO CENTRO</b>                | <b>6</b>  |
| <b>XORNADA ESCOLAR</b>                       | <b>7</b>  |
| <b>OUTROS HORARIOS</b>                       | <b>7</b>  |
| <b>PARA TER EN CONTA...</b>                  | <b>8</b>  |
| <b>CALENDARIO ESCOLAR</b>                    | <b>9</b>  |
| <b>ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO</b> | <b>11</b> |
| <b>HORARIO DO CURSO</b>                      | <b>12</b> |

C.E.I.P. Plurilingüe

## A FRAGA

Avenida da Habana s/n  
15320 As Pontes de G. R.

Teléfono: 881 93 81 56

Fax: 881 93 81 57

E-mail: [info@ceipafraga.org](mailto:info@ceipafraga.org)

Web: [www.ceipafraga.org](http://www.ceipafraga.org)

Blog: [www.ceipafraga.blogspot.com](http://www.ceipafraga.blogspot.com)

Benvid@s tod@s a un novo curso escolar!!!

Seguro que o verán foi estupendo, fíxose curto e pasou deseguida e agora toca estar de volta no cole!

En primeiro lugar, damos a benvida ao novo alumnado e ás súas familias e, tamén, ao novo profesorado. Esperamos que vos sintades tan cómodos e a gusto como os que xa levamos tempo, que nos sentimos como en familia.

Tamén enviamos unha gran aperta ao alumnado que marchou para os institutos e desexarlles o mellor nesta nova etapa.

Seguimos traballando para ofrecervos a mellor educación, integral e de calidade. Por iso, como Centro estamos certificados no sistema de calidade ISO 9001:2008, que conseguimos hai xa dez anos, no ano 2006, e que renovamos unha vez máis a finais do pasado curso, en maio deste ano 2016.

Hoxe comezan as clases, pola nosa parte cheas de novas ilusións, moitas actividades, experiencias, aprendizaxes e gañas de xerar moitas transformacións que en definitiva, están nas mans de todos, de toda a comunidade educativa, e animámosvos a facernos chegar as vosas ideas e suxestións.

Así, deste xeito, o ano pasado iniciamos un proxecto compartido con algunhas familias no invernadoiro do cole. Tamén iniciamos a posta en marcha da Escola de Familias A Fraga, que na medida que vós a impulsedes seguirá funcionando. E seguro que nos facedes chegar ideas e ánimos para iniciar novos proxectos.

Desexamos que o curso que inicia sexa enriquecedor, interesante e produtivo para tod@s.

O EQUIPO DIRECTIVO

## OBXECTIVOS DO COLEXIO

O propósito do C.E.I.P. Plurilingüe A FRAGA é formar persoas nos ámbitos intelectual, moral e cívico, que sexan capaces de incorporarse con garantías nas seguintes etapas de formación e no medio social no que viven, baseándose nunha aprendizaxe significativa e individualizada, potenciando a autoestima, educando para a tolerancia e a solidariedade.

O noso pretende ser un centro de referencia pola calidade do seu ensino, ofertando unha formación integral baseada en principios humanos e metodolóxicos que dean resposta ás demandas da sociedade para estas etapas educativas.

### OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS

- Ensino individualizado.
- Aprendizaxe significativa.
- Superación das desigualdades.
- Tolerancia e Espírito crítico.

### ORGANIZATIVOS E DE PARTICIPACIÓN:

- Traballo en equipo.
- Xestión transparente e eficaz.
- Propósito de mellora continua.
- Apertura á sociedade.

## ÓRGANOS DE GOBERNO

### Equipo directivo:

**Manuel Vázquez Prado**, como director representa ao centro e coordina todas as actividades cara á consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes.

**María Pérez Galdo**, xefa de estudos. É a encargada de coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos.

**José Manuel Graña López**, secretario. Ocúpase de ordenar o réxime administrativo do centro.

### Consello Escolar:

O consello escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar. Esta formado por:

**J. Manuel Graña**, como secretario do centro, con voz pero sen voto; **Manuel Vázquez**, como director e presidente; **María Pérez**, como xefa de estudos do centro; **Eva Isabel Matas**, **Noelia Fornos**, **Rita M<sup>a</sup> Álvarez** e **Sandra Calvo** elixidas polas nais e pais; **Carlos Hugo Abella**, **Eva Conde**, **Juana M<sup>a</sup> Fornos**, **Concepción Ferreiro** e **Virginia Polo** elixidos polo claustro; **José Alén**, como representante do concello; e **Susana Ferreiro**, como representante do persoal non docente e **Celia Paz** representante da ANPA.

### Claustro de profesores

O claustro de profesores é o órgano propio de participación deste no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e informar sobre todos os aspectos docentes.

Titoras de Educación Infantil: **Obdulia Amarelo, María Pérez** e **Rosa M<sup>a</sup> Taboada**. Apoio a E.Infantil: **Juana M<sup>a</sup> Fornos**.

Titores/as de Educación Primaria: **Virginia Polo**, primeiro curso; **Concepción Ferreiro**, segundo curso; **José Manuel Graña**, terceiro curso; **Rosa M<sup>a</sup> Roca**, cuarto curso; **Eva Conde**, quinto curso; **Manolo Prieto**, sexto curso.

Especialistas: **Carlos Abella**, Educación Física; **Concepción Ferreiro**, Educación Musical; **M<sup>a</sup> Isabel Franco**, Lingua Inglesa; **Cristina Gómez**, Relixión Católica.

Departamento de Orientación: **Almudena Ramudo**, Orientadora; **Loreto Mieites**, Pedagogía Terapéutica e apoio alumnado con necesidades educativas especiais; **Olalla Carballido**, Audición e linguaxe.

## DOCUMENTOS DO CENTRO

O **proxecto educativo do centro (P.E.C.)** que fixa os obxectivos, prioridades e procedementos de actuación. Nel inclúense: O Proxecto Lingüístico e Lector, o Plan de integración das tecnoloxías da información e comunicación (TIC), Plan de orientación e acción titorial e as Normas de organización e funcionamento (**N.O.F**) que conteñen dende normas de convivencia ata organización de espazos e instalacións, e os mecanismos de participación dos membros da comunidade.

Todas as nais ou pais que o desexen teñen á súa disposición unha copia do proxecto educativo do colexio. Tamén se pode consultar na páxina web [ceipafraga.org](http://ceipafraga.org)

## XORNADA ESCOLAR

Continuamos a traballar en horario continuado de mañá, que se desenvolverá de 9 a 14 horas. O calendario escolar deste ano, establece a xornada lectiva de 5 horas ao longo de todo o curso.

Polas tardes e tal e como figura no proxecto de modificación horaria aprobado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación o colexio permanecerá aberto de 16 a 18 horas para posibilitar o funcionamento da biblioteca (luns, martes, mércores e xoves, levando un rexistro de asistencia do alumnado para as familias que o desexen) e as actividades extraescolares. Tamén se realizarán as actividades propias da coordinación docente e das titorías, en especial a de atención ás nais e pais do alumnado.

## OUTROS HORARIOS

Atención a nais e pais das alumnas e alumnos por parte do **equipo directivo**:

Normalmente na primeira hora de clase (9.00 a 9.55 horas) e na última (13.10 a 14.00 horas) haberá algún membro do equipo directivo á vosa disposición.

Atención a nais e pais das alumnas e alumnos por parte dos **titores**: Todos os martes de 17.30 a 19.00 horas.

Atención por parte da **orientadora**: luns, mércores e venres en horario de mañá e martes de 17.30 a 19.00 horas .

Co obxectivo de mellorar a eficacia e evitar excesivas esperas estas reunións deberán realizarse previa cita.

Sempre que sexa posible avisade con antelación para fixar unha cita e evitar esperas.

Horario da **ANPA**: Estamos á espera da planificación da ANPA para informar sobre o horario de atención para o presente curso.

## PARA TER EN CONTA...

### **Xustificación de faltas.**

As faltas de asistencia serán contabilizadas pola titora ou titor, será preciso xustificalas do xeito que se estableza na reunión do primeiro trimestre.

### **Saídas do alumnado en horario lectivo.**

Para a saída dunha alumna ou alumno do centro en horario lectivo a nai ou o pai deberá asinar unha solicitude dirixida á titora ou titor, segundo o modelo establecido, a través da conserxe do centro.

### **Puntualidade.**

Un dos deberes do alumnado é a asistencia á clase con puntualidade. Agás no primeiro ano de Educación Infantil onde se establecerá flexibilidade horaria (sobre todo no período de adaptación) será preciso respectar as horas de entrada e saída.

### **Excursións e Saídas culturais.**

Para as actividades complementarias e extraescolares que se realicen na localidade de As Pontes e sexan gratuítas asinarase unha única autorización a comezo de curso. Para as que teñan lugar fora da localidade ou supoñan un custo económico para as familias enviarase unha autorización específica que deberá devolverse ao centro asinada. De non facelo así a alumna ou alumno de que se trate non poderá participar nesa actividade.

### **Notificación ás familias.**

Calquera incidencia que afecte ao alumnado e que se considere relevante, será comunicada á familia pola titora ou titor, mediante un escrito que se entregará á alumna ou alumno e que deberá retornar ao colexio asinada polos pais/nais ou titores.



## CALENDARIO ESCOLAR

A Orde do 7 de xuño de 2016 aproba o calendario escolar para o curso 2016/2017.

### **Actividades lectivas**

No segundo ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria, as actividades lectivas comezarán o día 12 de setembro de 2016 e rematarán o 23 de xuño de 2017.

### **Períodos de vacacións e días non lectivos**

As vacacións de Nadal abranguerán desde o día 22 de decembro de 2016 ata o día 6 de xaneiro de 2017, ambos os dous inclusive.

Entroido: días 27 e 28 de febreiro e o 1 de marzo de 2017.

As vacacións de Semana Santa abranguerán desde o día 10 ao 17 de abril de 2017, ambos os dous inclusive.

Establécese o Día do Ensino coa consideración de non lectivo para efectos académicos e que neste curso se celebrará o 31 de outubro de 2016.

Respecto dos dous días non lectivos que se poden solicitar en razón de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica, dado que se considera desexable que se busque o consenso entre todos os centros da localidade, aínda non hai unha decisión tomada, pero o máis probable é que sexan o día 5 de decembro de 2016 e o 2 de maio de 2017.

## CONMEMORACIÓNS

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro: **Día Universal da Infancia.**
- 25 de novembro: **Día internacional contra a Violencia de Xénero.**
- Do 1 ao 11 de decembro: conmemoración da **Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.**
- 10 de decembro: **Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.**
- 30 de xaneiro: **Día Escolar da non Violencia e da Paz.**
- 8 de marzo: **Día Internacional da Muller Traballadora.**
- 15 de marzo: **Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.**
- Do 6 ao 10 de marzo: **Semana da Prensa.** Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril: **Día Mundial da Saúde.**
- Entre o 17 e o 21 de abril: **Semana do Libro.**
- 9 de maio: **Día de Europa.**
- Do 9 ao 17 de maio: **Semana das Letras Galegas.**
- 5 de xuño: **Día Mundial do Medio Ambiente.**

Estas datas son lectivas a todos os efectos.

Das actividades a desenvolver nas festas, que como ven sendo tradicional dende hai anos, adquiren un especial realce no noso centro: **O Magosto, Nadal, Día da paz, Entroido e Letras Galegas** recibiredes información polo miúdo no seu momento.

## ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO

A ANPA Medoñas veu organizando actividades culturais e deportivas todos estes anos. A Xunta Directiva, colaborou estreitamente xunto cos mestres e monitores no seu desenvolvemento. A participación veu sendo tanto activa como económica.

**Actualmente estamos á espera da reorganización da actual directiva da ANPA para informar sobre as actividades que se ofertarán neste curso, que en curso pasados viñan sendo así:**

**Actividades complementarias:** Xunto co equipo de actividades complementarias e extraescolares, participamos na organización dos distintos eventos culturais do ano escolar (Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, fin de curso...) mercando as castañas, orellas, chocolate, churros, lambetadas e bebidas. Destacar tamén que nas saídas culturais aportamos unha pequena axuda económica a todos os nenos e nenas socios da ANPA.

**Actividades culturais:** A nosa Asociación oferta aos seus socios obradoiros lúdicos, dinamizando así o seu tempo libre fóra do horario escolar.

**Actividades deportivas:** Nestas actividades tentamos que os nenos e nenas aproveiten e participen no deporte, incentivando os seus hábitos. Destacar que os nosos monitores participan sen ánimo de lucro. Nós aportamos economicamente nos pagos e arbitrxes dos partidos e nos trofeos e agasallos de final de curso.

## HORARIO DE

|                  | <b>luns</b> | <b>martes</b> | <b>mércores</b> | <b>xoves</b> | <b>venres</b> |
|------------------|-------------|---------------|-----------------|--------------|---------------|
| 9 a 9.55 h.      |             |               |                 |              |               |
| 9.55 a 10.50 h.  |             |               |                 |              |               |
| 10.50 a 11.45h.  |             |               |                 |              |               |
| 11.45 a 12.15 h. |             |               |                 |              |               |
| 12.15 a 13.10 h. |             |               |                 |              |               |
| 13.10 a 14 h.    |             |               |                 |              |               |